



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

...tocaba unha ghaita de fol e vestíanse de vellos uns poucos mozos, as mozas non.

- Chamábanlles Velladas?

Velladas. Daban con folechos de fariña.

- De cinza, sería de cinza?

De cinza. Enchíanos e iban onde estaban as mozas agrupadas, sacudían a cinza enriba de nós. Outro viña cunha tenazas, tiña unha tenazas, apretábanche así unha perna. Así, Velladas. Primeiro e despois andabamos así con carantoñas e andaban con carantoñas. Pero ben nos conociamos todos.

As Velladas daban moito ghusto pero mellor ghusto dábannos as Máscaras, meu fillo. Nunca fostes, nunca vistes ningunhas? Vístelas?

- Si, si. E como eran por aquí as Máscaras?

As Máscaras eran unha hermosura pero ghababan moitísimo con elas. Para facer unha máscara ghababan moitas pesetas porque...

- Que levaban caretas e...?

Caretas, unhas caretas finiñas e medallas nos tres cornos, nos... nos ghorros que tiñan, uns plumachos e todo polos lados medallas e cadenas.

- De generales, iban de generales.

De generales. Ás veces había seis generales, outras veces catro, seghún. Aí nesa parroquia, nunha parroquia que hai, que lle chaman Beighondo, aí que se ve de aquí, aí facíanos, había sempre seis generales.

- E cantaban tamén, supoño, naquelas, non?

Daban versos uns aos outros.

- Versos, non é? Non se acorda de ningún?

Ai, non me acordo.



(...) onde eu me criei en Viñós. Acordome máis porque foron á atrás daquelas. Que eran os franceses contra os moros.

- Os franceses contra os moros.

Os franceses contra os moros. Eran catro lanceros, catro. Dous primos meus, outros dous mozos dalí da ... E acórdome, mira, e hai tantos anos. Acórdome aínda o que estaba de centinela no medio pra dividir-e...

- As dúas tropas.

Eso. Os generales estaban uns dun lado, outros do outro. E viña, e había un correo a cabalo dunha besta, pra pasar as noticia duns aos outros.

- Un correo.

Chamábanlle o correo.

- O correo.

O correo. E despois, había un mozo vestido de militar cun fusil e o mozo estaba así no medio. O mozo estaba no medio, o militar aquel. E acórdome que viña o correo correndo pra pasar e entonces ven o centinela púxose diante e dixo:

“¡Alto, alto! ¿Quién vive?”

Díxolle o correo: “El correo francés que te pide paso libre.”

“¡Atrás francés que te mato! Te tiro delante de mí que si no te espedazo”

E botoulle un tiro. (Risas) Nesto o outro marchou correndo, volveuse pa atrás. Volveuse pa atrás pa onda os... contarlle aos generales o que pasaba. Pero despois foi cando empezaron a batalla pero despois, vaiche boa, acordábame todo, eh.

- E a batalla que era, versos uns aos outros?

Versos. Tirándose uns aos outros coma nunha gherra.

- Aí, pero... tirábanse tiros?

Non, home. Tiros non. Tiñan espadas, estaban xuntos e cando llelos versos tocaban as espadas uns aos outros. Pero todos a cabalo.



- E decían versos uns aos outros.

Versos uns aos outros.

- E que lle iba decir eu, e non había tamén así unhos que recitaban e cantaban e se metían primeiro cos solteiros, despois cas solteiras, despois cos casados, despois cas casadas...

Non, deso non. Nas Máscaras, non. Eso era nas Velladas pero nas Máscaras non.

- Nas Velladas. E non se acorda de ningún de aqueles das Velladas, deses versos que se dicían?

Boh, os das Velladas non porque... cantabamos e bailabamos pero non andabamos así a coplas nin nada.

- Si, que se coplaba, decía, que sei eu, por exemplo... (...)

Pero ese era o frade! Ai, que coña! Era o frade que había. (Risas)

- A ver, a ver, como é logo?

Ese era un frade, un home vestido de frade. Que... era a corrente, que subíase a un carballo e, vestido de frade, era o que lle botaba ás solteiras e máis a todo cristo, mais ós mozos. Pero era un frade. Pero quen da sabido... Acórdome que... dun que dixo falando das mozas, que marchaban cos mozos e despois que tal e que había que desaparecían e dixo:

“E despois desde que a pedra vai no pozo, arriba non pode volver”.

El decíache así pero quen da...

- Predicaba pero non cantaba.

No, el botáballe sermós ós solteiros, ós casados, a todo cristo. Pero cousas moi adiantadas. Que el, tiña que botar un mes ou dous estudiando. Si, oh. Se non no daba. Como iba dar o discurso? E tiña nun papel aprendido e despois decíao de memoria, despois dicíao de memoria coma o... como cantaba unha vez o... nunha televisión aí nesa taberna.